



CONSELLO  
DA AVOGACÍA  
GALEGA



FORMACIÓN  
Consello da Avogacía Galega



# CURSO DE ESPECIALISTA EN VALORACIÓN DE DANOS E PERDAS CAUSADOS ÁS PERSOAS EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN

Versión novembro 2017

## **CURSO DE ESPECIALISTA EN VALORACIÓN DE DANOS E PERDAS CAUSADOS ÁS PERSOAS EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN**

### **ÍNDICE**

<b>PRESENTACIÓN</b>	<b>2</b>
<b>CARACTERÍSTICAS DO CURSO</b>	<b>3</b>
<b>OBXECTIVOS DO CURSO</b>	<b>3</b>
<b>MATRÍCULA E INSCRICIÓNS</b>	<b>4</b>
<b>CERTIFICACIÓN ACADÉMICA</b>	<b>4</b>
<b>EQUIPO</b>	<b>4</b>
<b>COMO ESTUDAR ESTE CURSO</b>	<b>5</b>
<b>BIBLIOTECA DIXITAL</b>	<b>6</b>
<b>FORO</b>	<b>7</b>
<b>PROGRAMA DO CURSO</b>	<b>8</b>
<b>ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA</b>	<b>10</b>

## Presentación

O 1 de xaneiro do 2016 entrou en vigor o novo sistema de valoración de danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación (en adiante, baremo), entendido coma o conxunto de regras establecidas na lei para poderes calcular e chegar a fixar a contía das indemnizacións que lle corresponden a unha persoa que sufriu un accidente de tráfico.

Tal e como indica no seu preámbulo a Lei 30/2015, desde a entrada en vigor en 1995 do baremo, “o conxunto de reformas que no ámbito comunitario se emprenderon en relación co seguro do automóbil, tendentes todas elas a incrementar a protección ás vítimas mediante a garantía dunha indemnización suficiente, xustifican a conveniencia de revisar o sistema co fin de introducir as modificacións necesarias”.

O obxectivo desta revisión foi conseguir que as indemnizacións foran máis acordes á situación da vítima. Así, mediante un sistema de táboas, ademais de ter en conta os danos e perdas físicas e morais, incorpóranse ao cálculo as circunstancias persoais, familiares, laborais ou profesionais das vítimas e danados.

Cabe destacar que a aplicación deste baremo esténdese a outros casos de danos indemnizables, coma os accidentes de tráfico ou os danos sufridos pola mala praxe médica.

A importancia de todas as modificacións fan necesaria unha formación específica para aquelas letradas e letrados que se vexan implicados en casos de accidentes de tráfico.

Dado o carácter práctico da materia, o curso que aquí se presenta acompaña exercicios para que o alumno poida aprender como aplicar o sistema de táboas a diferentes tipoloxías de casos.



## Características do curso

**Organiza:** Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos Colexios de Avogados de Galicia e coa participación da editorial Thomson Reuters Aranzadi.

**Coordina:** Secretaría Técnica CAG.

**Dirixido a:** profesionais da avogacía galega.

**Modalidade:** en liña, ou E-learning, desde a web <http://avogacia.gal/formacion> .

**Lingua do curso:** castelán.

**Lingua da plataforma:** castelán ou galego, configurable por cada usuario no seu perfil.

**Número de horas lectivas:** 60.

**Prazo de matrícula:** 31 de decembro do 2017.

**Lugar de matrícula:** na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion> .

**Prezo:** avogados/as exercentes e alumnos/as do Máster da Avogacía: 50 €. Avogados/as non exercentes: 90 €.

**Remate do curso:** 31 de maio do 2018.

**Superación do curso:** para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os exercicios e casos prácticos do curso.

## Obxectivos do curso

O obxectivo do curso é dar a coñecer todas as novidades do novo sistema de valoración de danos, máis completo, complexo e difícil que o baremo do ano 1995.

## Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

## Certificación académica

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Tras completar o estudo de todos os módulos teóricos en liña e trala superación de todos os exercicios e os casos prácticos, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a autenticidade do mesmo.

## Equipo

O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

<b>Persoa</b>	<b>Tarefa</b>
<b>ANTONIO PLATAS CASTELEIRO</b> AVOGADO	<b>Titor. Revisión de contidos</b>
<b>JOSÉ ANTONIO BADILLO ARIAS</b> DOUTOR EN DEREITO Consortio de Compensación de Seguros	<b>Formador</b>
<b>SERGIO ARAMBURU GUILLÁN</b> AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega	<b>Coordinación</b>
<b>VERÓNICA PAJÓN JACOBE</b> DOCUMENTALISTA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega	<b>Xestión e maquetación</b>



## Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e material de apoio, en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña cos coordinadores do curso mediante un sistema de foros.

O curso consta de catro temas e unha avaliación final. Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes bloques organizados por pestanas:



E dentro de cada un dos bloques, atópanse contidos formativos de diferente tipo:

- Formación interactiva.
- Formación audiovisual.
- Formación en PDF.
- Probas de avaliación.

Un dos valores engadidos nesta formación é a existencia de formación audiovisual, máis fácil de asimilar que a información textual, o que alixeira a experiencia formativa.

Os contidos teóricos tamén se ofrecen:

- Mediante paquetes SCORM, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que conteñen a mesma información, coa posibilidade de que se poden descargar e imprimir.

**Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.**

É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas antes da realización dos cuestionarios de auto avaliación ou dos casos prácticos que se atopan ao final de cada tema. A corrección dos cuestionarios aparecerá na plataforma de maneira inmediata. Os casos prácticos serán corrixidos nos prazos establecidos polo formador.

Todas as probas de avaliación presentes no curso deben ser realizadas e avaliadas como aptas antes da data de finalización do curso para poder superar a formación.

## **Biblioteca dixital**

Dentro do convenio de colaboración asinado entre o Consello da Avogacía Galega e a editorial Thomson Reuters Aranzadi, inclúese como agasallo unha biblioteca dixital para os inscritos neste curso, a elixir entre os seguintes packs:

### **PACK 1: Civil**

- Código Civil
- Comentarios á Lei de Xurisdición Voluntaria
- Revista Doutrinal Aranzadi Civil Mercantil

### **PACK 2: Administrativo**

- Formularios Contencioso-Administrativo
- Problemas prácticos e actualidade do Dereito Administrativo
- Revista Actualidade Xurídica Aranzadi

### **PACK 3: Fiscal / Laboral**

- Procedementos tributarios
- Prácticum Proceso Laboral
- Revista Actualidade Xurídica Aranzadi

O alumno poderá acceder á biblioteca dixital a través dun enlace, no que previamente terá que facilitar uns datos de rexistro á editorial.






**AVISO:** a cesión dos datos persoais será realizada voluntariamente polo alumno e a información será xestionada pola editorial Thomson Reuters Aranzadi. O Consello da Avogacía Galega non se responsabiliza da información facilitada polo alumno, nin da súa xestión pola editorial.

## Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e o seu titor poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo.

É a través dos foros onde se dá a maior parte dos debates e discusións dos temas do curso. Son unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e constitúen espazos onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí o titor poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.



Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

**\*\*Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles**



## PROGRAMA DO CURSO

### TEMA 1. CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA INDEMNIZACIÓN DO DANO CORPORAL (PARTE TEÓRICA E PRÁCTICA)

1. Disposicións xerais
  - 1.1. Principios fundamentais do sistema
  - 1.2. Suxeitos danados
  - 1.3. Necesidade de informe médico e deberes recíprocos de colaboración
  - 1.4. Indemnizacións mediante renta vitalicia
  - 1.5. Indemnizacións en caso de falecemento do lesionado antes de fixarse a mesma
  - 1.6. Outras disposicións xerais
2. Definicións

### TEMA 2. INDEMNIZACIÓNS DERIVADAS DO FALECIMENTO (PARTE TEÓRICA)

1. Perda persoal básica (Tabla 1.A)
  - 1.1. Danados
  - 1.2. Categoría de danados
  - 1.3. Tabla 1.A.
2. Perda persoal particular (Tabla 1.B)
  - 2.1. Resarcemento das perdas persoais particulares
  - 2.2. Tabla 1.B
3. Perda patrimonial (Tabla 1.C)
  - 3.1. Daño emerxente
  - 3.2. Lucro cesante
  - 3.3. Tabla 1. C
4. Aspectos máis novidosos
  - 4.1. Comparativa co sistema derogado



### TEMA 3. INDEMNIZACIÓNS POR SECUELAS (PARTE TEÓRICA)

1. Perda persoal básica (Tabla 2.A)
  - 1.1. Definición de secuela
  - 1.2. Perda estética das secuelas
2. Perda persoal particular (Tabla 2.B)
  - 2.1. Danos morais complementarios por perda psicofísica, orgánica e sensorial
  - 2.2. Danos morais complementarios por perda estética
  - 2.3. Perda por pérdida de calidade de vida ocasionada polas secuelas
  - 2.4. Perda moral por pérdida de calidade de vida de familiares de grandes lesionados
  - 2.5. Perda de feto a consecuencia do accidente
  - 2.6. Perda excepcional
  - 2.7. Tabla 2.B
3. Perda patrimonial (Tabla 2.C)
  - 3.1. Dano emerxente
  - 3.2. Lucro cesante
  - 3.3. Tabla 2.C

### TEMA 4. INDEMNIZACIÓNS POR LESIÓNS TEMPORAIS

1. Indemnizacións por lesións temporais
  - 1.1. Concepto
2. Perda persoal básica (Tabla 3.A)
  - 2.1. Concepto
3. Perda persoal particular (Tabla 3.B)
  - 3.1. Perda persoal por perda de calidade de vida
4. Perda patrimonial (Tabla 3.C)
  - 4.1. Gastos de asistencia sanitaria
  - 4.2. Gastos diversos resarcibles
  - 4.3. Lucro cesante
5. Traumatismos menores da columna vertebral
  - 5.1. Concepto

## ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

APROBADOS POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA,  
O DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

### *Artículo 5*

En el ámbito territorial de su competencia, tendrá las siguientes funciones:

1. Las atribuidas al Consejo General de la Abogacía Española, por la Ley de colegios profesionales, en cuanto tengan ámbito o repercusión solamente en el territorio de la Comunidad Autónoma y cuantas otras les fueran encomendadas en virtud de disposiciones generales o especiales, siempre que no interfieran en la autonomía y en las competencias propias de cada colegio.

(...)

4. Fomentar, crear y organizar instituciones, servicios y actividades, con relación a la profesión de abogado, que tengan por objeto la formación y perfeccionamiento profesional, la promoción cultural, la asistencia social y sanitaria, la previsión, la cooperación y el mutualismo, el fomento de la ocupación y otras actuaciones convenientes. Establecer, a tales fines, los conciertos o acuerdos más oportunos con la Administración y las instituciones o entidades que corresponden.

(...)